



UNIVERSIDADE DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

D. Domingo Docampo Amoedo
 D. Salustiano Mato de la Iglesia
 D. Javier de Vicente Remesal
 D. Antón Fernández Álvarez
 D. Juan M. Suárez Creo
 D. José M. Da Rocha Álvarez
 D. Xosé Manuel Cid Fernández
 D. Julio Taboada Pérez
 D^a. Margarita Estévez Toranzo
 D^a. M^a Luisa Alonso Escontrela
 D^a. Josefina Álvarez Andrés (CC.OO)
 D. Miguel Ángel Areán Míguez
 D^a. Silvia Bermúdez Pérez
 D^a. M^a del Carmen Cabeza Pereiro
 D^a. M^a Victoria Carballo-Calero Ramos
 D. Juan Carlos Carpintero Sánchez
 D. Pablo Javier Cebral Loureda
 D. Eusebio Corbacho Rosas
 D^a. Patricia Corbacho Suso
 D. José Durany Castrillo
 D. José Ramón Fernández Bernárdez
 D. Manuel Fernández Cruz
 D. Rubén Garrido Bernárdez
 D. José Manuel Gil Villanueva
 D. Alejandro González Fontenla
 D. Manuel Gutiérrez Nieto
 D. José Luis Legido Soto
 D. Miguel Loureiro Blanco
 D. Gonzalo Marino González
 D. Carlos Martínez-Peñalver Freire
 D. Pedro Membiela Iglesias
 D. Luis Ortíz Torres
 D. Antonio Pena Giménez
 D. Alberto Pena Rodríguez
 D. Candido Pérez Betanzos (CIG)
 D^a. Nikole Pérez Mato
 D. José Pose Blanco
 D. Manuel J. Reigosa Roger
 D. M^a José Roca Fernández
 D. Fco. Javier Rodríguez Berrocal
 D. Patricio Sánchez Bello
 D. Xoán Xosé Santamaría Conde (UXT)
 D. Juan Carlos Surís Regueiro
 D. Manuel Varela Lafuente
 D. Manuel Velasco Graña

DESCULPA A ASISTENCIA

D. Enrique Valero Gutiérrez del Olmo

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno da Universidade de Vigo, de vinteseis de setembro de dous mil, ás 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10 horas en segunda, na Sala de Xuntas da E.T.S. de Enxeñeiros de Telecomunicación

O martes, **día 26 de setembro de 2000**, martes, ás 9:30 horas, comezou a sesión ordinaria da Xunta de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (20-07-2000).
- 2.- Informe do Rector.
- 3.- Asuntos de profesorado: prazas BOE, transformacións, visitantes, permisos e comisións de servizos. Prazas pendentes de remisión ó BOE (Xunta de Goberno de 20-07-2000). Solicitudes de transformación de profesores PPI a asociados T2-TC.
- 4.- Resolución dos recursos de alzada presentados por Dona Olga Fontán Maquieira, Dona María Luisa Fernández Soilán e Don Jorge Juan Rodal Miñino contra os horarios aprobados en Xunta de Centro na Facultade de Ciencias Sociais.
- 5.- Autorizar ó Rector, se procede, á sinatura dun convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Banco de Santander Central Hispano para o desenvolvemento do Portal Universitario "Universia.net".
- 6.- Participación da Universidade de Vigo na sociedade de capital risco Unirisco.
- 7.- Aprobación da sinatura dos convenios entre a Universidade de Vigo e Instituto Universitario Gaston Dachary (Argentina), Universidad Católica de Santa Fe (Argentina), Fachhochschule Bochum (Alemania), Centro Galego de Arte Contemporánea e Editorial Aranzadi.

- 8.- Eleccións para cubrir as seguintes vacantes en Comisións Delegadas de Xunta de Goberno:
- Comisión de Asuntos Económicos: PDI (1), PAS (1).
 - Comisión de Estudiantes: PDI (1), PAS (1).
 - Comisión de Extensión Universitaria: PDI (1)
 - Comisión de Investigación: PDI (2)
 - Comisión de Ordenación Académica e Validacións: PDI (2)
 - Comisión de Planificación: PDI (2)
- 9.- Elección para cubrir 2 vacantes no sector PDI na Comisión de Reclamacións (artigo 29 do regulamento de réxime interno da Xunta de Goberno).
- 10.- Rogos e preguntas.

Punto 1. *Acta 20-07-2000*

O Sr. Santamaría presenta varias alegacións que se recollen como anexo I. Acéptanse as referentes a cuestións ortográficas ou de tipo técnico pero non as restantes.

O profesor Martínez Peñalver non está de acordo coa redacción do punto 4 (prazas BOE); di que debería recollese en acta que as prazas do Departamento de Economía Financeira e Contabilidade non serían remitidas ó BOE ata que sexa resolto o recurso de alzada mencionado. Non se acepta esta alegación.

Sométese a acta a aprobación:

A favor	15 votos
En contra	0 votos
Abstencións	8

Apróbase.

Punto 2. *Informe do Rector.*

O Rector informa sobre:

- A adxudicación (por parte do Consello de Administración de Cidade Universitaria S.A.) de obras á empresa Malvar por valor de 450 millóns de pesetas.

- O estado dos planos de promoción do profesorado (aínda pendente a sinatura do acordo).

- A posibilidade de someter á aprobación da Xunta de Goberno, na súa vindeira sesión, a concesión das primeiras medallas de ouro da Universidade de Vigo.

- A inauguración do curso 2000-2001 na Facultade de Ciencias Sociais de Pontevedra, o día 2 de outubro.

- O estreno do novo autobús da Universidade.

Punto 3. Asuntos de profesorado.

- Prazas BOE:

Apróbanse as seguintes:

H06	814	TIT-UN	Vigo	Alberto Álvarez Lugrís
H06	814	TIT-UN	Vigo	José Yuste Frías
X02	381	TIT-UN	Ourense	Ana Garriga Domínguez
X08	480	TIT-UN	Vigo	-----

Queda pendente a praza do corpo de catedráticos da Universidade da área de Pintura ata que a Comisión de Docencia formule unha proposta sobre a a interpretación do artigo 6 do regulamento de profesorado no que se refire á relación 3:1.

O Sr. Santamaría intervéñ neste punto. A súa intervención queda recollida no anexo II (páx. 1).

- Transformacións:

Antes de entrar no punto, o profesor Santamaría fai unha intervención que se recolle no anexo II (páx. 2 e 3) sobre as transformacións de profesores do Departamento de Economía Aplicada.

A profesora Álvarez Andrés di que non debe cuestionarse a promoción dos profesores e que os posibles problemas deben solucionarse con boa vontade.

Sométense a votación as transformacións solicitadas polo Departamento de Economía Aplicada:

A favor	18 votos
En contra	0 votos
Abstencións	14

Apróbanse.

O resto das transformacións apróbanse por asentimento. Quedan entón aprobadas as seguintes transformacións:

C01	410	Jesús Manuel Míguez Miramontes	de PP2 a TIT-UN interino
C06	015	Miguel Miras Calvo	de PP1 a TIT-UN interino
C11	755	Ignacio Pérez Juste	de X2 a PP2
H05	033	Fermín Pérez Losada	de ASO T2-TC a TIT-UN interino
T01	305	Aquilino Fernández Álvarez	de ASO T3-P6 a ASO T3-P3
T01	305	Carlos Martínez González	de ASO T3-P6 a ASO T3-P3
T01	305	Jose Antonio Mariño Fernández	de ASO T3-P6 a ASO T3-P3
T01	305	Mª Jesús Puzas Dacosta	de ASO T3-P6 a ASO T3-P3
T01	305	Ricardo Ladero Lorente	de ASO T3-P6 a ASO T3-P3

T02	535	José Fernando Manzanedo García	de PP1 a TIT-UN interino
T02	535	María Elena Albo López	de PP1 a TIT-UN interino
T07	520	José Ignacio Armesto Quiroga	de PP1 a ASO T2-TC
T07	520	Amador Rodríguez Diéguez	de PP1 a TIT-UN interino
T08	385	Claudio Álvarez Cerdeiriña	de PP1 a TIT-UN interino
T12	560	Francisco Fernández Masaguer	de PP1 a TIT-UN interino
T12	560	Manuel Ramos Cabrer	de PP1 a TIT-UN interino
X04	215	Javier González Rajo	de ASO T3-P3 a ASO T3-P6
X05	187	Vicente Romo Pérez	de ASO T3-P3 a ASO T3-P6
X06	225	Xosé Manuel González Martínez	de PP2 a TIT-UN interino
X06	225	Daniel G. Miles Touya	de PP2 a TIT-UN interino
X06	225	Carlos Manuel Gradín Lago	de PP2 a TIT-UN interino
X06	225	José María Chamorro Rivas	de PP2 a TIT-UN interino
X09	650	José Santiago Gómez Fraiz	de PP1 a PP2

A continuación intervén o Sr. Rector indicando que hai tres peticións de turnos de palabra sobre a non renovación de tres contratos de profesores do Departamento de Matemática Aplicada que finalizan o día 30 de setembro (anexo III).

Os Vicerrectores de Profesorado, Don Javier de Vicente Remesal, e de Organización Académica, Don Antón Fernández Álvarez, interveñen precisando a tramitación deste asunto levada a cabo nas Comisións de Docencia e de Organización Académica, respectivamente.

O Rector recorda que unha vez aprobados os criterios de organización docente delégase nas Comisións a aplicación dos mesmos e que non se debe tratar en Xunta de Goberno a decisión sobre cada caso particular.

O Vicerrector de profesorado di que a decisión da Comisión de Docencia non vai cambiar se non hai elementos que o xustifiquen.

O profesor Rodríguez Berrocal di que no seu día a Comisión de Docencia avaliou a non renovación deses tres contratos por haber máis capacidade docente que carga docente no Departamento de Matemática Aplicada. Engade que na Comisión de Docencia do día 29 de setembro poden estudiarse os posibles desaxustes se os datos antes manexados non foran correctos.

O profesor Santamaría intervén en relación coas competencias das comisións delegadas (anexo II, páx. 3).

O profesor Pose pregunta se o POD se axusta ó plano de estudos.

O Rector responde que si e que a clave é que porcentaxe de créditos prácticos de laboratorio se financian. O que non procede é aceptar a estas alturas novas propostas de Xunta de Centro. Di que para este curso académico, as decisións xa están tomadas.

- Comisións de servicio:

- Solicitude de prorroga do profesor D.César Miñambres Puig (Universidade Complutense de Madrid).
- Don Luis Fariña Busto á Dirección General de Investigación da Comisión Europea.

Apróbanse por asentimento.

- Visitantes:

- Don Raul Iglesias Blanco, coa categoría de TIT-UN, no Departamento Bioloxía Funcional e Ciencias da Saúde.
- Don Carlos Hernán Fajardo Toro, coa categoría de ASO T3-P6 no Departamento de Informática.

Apróbanse por asentimento.

- Permisos:

- | | |
|--|----------------------------|
| - D. Alberto Velando Rodríguez | de 10-10-2000 a 10-01-2001 |
| - D. Jorge Pérez Juste | de 01-09-2000 a 21-12-2000 |
| - D. Fermín E. Pérez Losada | de 01-08-2000 a 31-10-2000 |
| - D. Francisco Javier González Castaño | de 01-06-2001 a 30-09-2001 |

Apróbanse por asentimento.

- Prazas pendentes de remisión ó BOE (Xunta de Goberno de 20-7-2000)

O profesor M. Peñalver solicita que se declare nulo o acordo adoptado relativo ó envío ó BOE das prazas pendentes ata que se resolva o recurso de alzada presentado.

O Vicerrector de profesorado, Don Javier de Vicente Remesal, di que un informe da asesoría xurídica indica que non hai nulidade e que se trata de prazas novas.

O Rector di que debe separarse a resolución do recurso do envío ó BOE das prazas que xa foran aprobadas no mes de xullo.

Considerando o informe do asesor xurídico, sométese a votación a proposta de que deben remitirse ó BOE por non estar afectadas polo recurso:

A favor	23 votos
En contra	5 votos
Abstencións	3

Acórdase remitilas ó BOE.

O profesor M. Peñalver presenta un voto particular que se engade á acta como anexoV

- Solicitudes de transformación de profesores PP1 a asociados T2-TC.

Acórdase que as transformacións desde tipo que cheguen no prazo regulamentario (30 de setembro) sexan aprobadas en Comisión de Docencia.

Punto 4. *Resolución dos recursos de alzada presentados por Dona Olga Fontán Maquieira, Dona María Luisa Fernández Soilán e Don Jorge Juan Rodal Miñino contra os horarios aprobados en Xunta de Centro na Facultade de Ciencias Sociais.*

O Vicerrector de Organización Académica, Don Antón Fernández Álvarez, lembra que a organización da docencia (incluídos os horarios) é competencia da Xunta de Centro.

O Decano da Facultade de Ciencias Sociais, di que os horarios foron, en efecto, aprobados en Xunta de Facultade e que os únicos votos en contra foron os dos tres profesores que presentaron despois o recursos de alzada.

A profesora Álvarez Andrés cuestiona o xeito de proceder pola Facultade de Ciencias Sociais.

O profesor Santamaría intervén neste punto (páx. 3, anexo II) pedindo máis documentación.

Sométese o recurso a votación:

A favor de rexeitar o recurso	18 votos
En contra de rexeitar o recurso	0 votos
Abstencións	6

Quedan desestimados os recursos de alzada presentados por Dona Olga Fontán Maquieira, Dona María Luisa Fernández Soilán e Don Jorge Juan Rodal Miniño contra os horarios aprobados en Xunta de Centro na Facultade de Ciencias Sociais.

Punto 5. *Autorizar ó Rector, se procede, á sinatura dun convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Banco de Santander Central Hispano para o desenvolvemento do Portal Universitario "Universia.net".*

O Rector explica que a Universidade de Vigo xa asinou un protocolo de colaboración co Banco Santander Central Hispano sobre o Portal Universitario Universia.net no que se determina que a participación inicial da Universidade representa, aproximadamente, o 1% do capital social fundacional da devandita sociedade.

A partir do establecido no informe do Servicio de Control Interno, a Xunta de Goberno debe facultar ó Rector para a sinatura do correspondente convenio de cooperación, correspondendo ó Consello Social a aprobación definitiva.

O profesor Santamaría fai unha intervención neste punto que se recolle no anexo II (páx. 4)

Sométese a proposta a votación:

A favor	26 votos
En contra	2 votos
Abstencións	0

Autorízase ó Rector a sinatura dun convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Banco de Santander Central Hispano para o desenvolvemento do Portal Universitario "Universia.net".

Punto 6. Participación da Universidade de Vigo na sociedade de capital risco Unirisco.

O Rector somete a aprobación da Xunta de Goberno a participación da Universidade de Vigo na sociedade Unirisco que ten como obxecto a dotación de fondos para financiar o desenvolvemento de proxectos nos que se aplique a investigación das universiddes galegas.

O capital social de Unirisco é de 200 millóns de pesetas e está participado pola Universidade de Santiago (40%), a Universidade de Vigo (10%), o Grupo San José (9%) e Banco Pastor, Banco Portugués de Investimento, Caixa Galicia e Caixanova (8% cada unha).

O profesor M. Peñalver di que é unha boa iniciativa pero que supón regalarlle 10 millóns de pesetas á Universidade de Santiago. Opina que a participación da Universidade de Vigo debe ser superior ó 10 %.

O profesor Reigosa opina que se trata dunha proposta moi importante para a Universidade de Vigo. A aprobación desta proposta non prexulga a creación de sociedades futuras que poidan emanar da nosa Universidade.

A profesora Roca opina que esta proposta só beneficiaría á investigación de compoñente tecnolóxico.

A Sra. Corbacho di que deberían recollerse inciativas para a promoción do emprego e para a creación de empresas por parte dos estudantes e pregunta con cargo a que partida presupostaria se afrontaría este gasto.

O profesor Santamaría fai unha intervención que se recolle no anexo II (páx. 4)

Intervén o Rector para precisar que non queda pechada a posibilidade de que se poida aumentar no futuro a participación da nosa Universidade nesta sociedade. Di que non debemos prexulgar que só sairá beneficiada a Universidade de Santiago. En resposta á Sra. Corbacho di que na Universidade de Vigo xa existen as oficinas OFIE e OFOE cos fins mencionados e que a partida orzamentaria é a de "participación en sociedades anónimas".

Sométese a proposta a votación:

A favor	24 votos
En contra	2 votos
Abstencións	5

Apróbbase a participación da Universidade de Vigo na sociedade de capital risco Unirisco.

A Sra. Corbacho e o Sr. Carpintero piden que conste o seguinte:

Os membros da Xunta de Goberno; Dona Patricia Corbacho e Don Juan Carlos Carpintero, fan constar o seu voto en contra no relativo o punto 6 da Orde do día da sesión do día 26-9-2000 "Participación da Universidade de Vigo na sociedade capital risco Unirisco" débese a que segundo a nosa humilde opinión, non se teñen valorado outras opcións para levar a cabo actuacións que axuden á iniciativa empresarial; tanto dentro do colectivo estudiantil coma dentro dos grupos de investigación da UVI.

Así mesmo facemos constar a nosa reserva sobre a falta de información no tocante a partida presupostaria correspondente.

Punto 7. *Aprobación da sinatura dos convenios entre a Universidade de Vigo e Instituto Universitario Gaston Dachary (Argentina), Universidad Católica de Santa Fe (Argentina), Fachhochschule Bochum (Alemania), Centro Galego de Arte Contemporánea e Editorial Aranzadi.*

O profesor Santamaría pide que se redacten correctamente os encabezamentos dos convenios (ver anexo II, páx. 4)

A Sra. Corbacho pregunta polo equipamento da aula Aranzadi e a profesora Roca responde que se levou a cabo neste ano 2000 porque esa era a planificación da editorial.

Sométese a votación a aprobación dos convenios que figuran na orde do día :

A favor	27 votos
En contra	0 votos
Abstención	2

Apróbase a sinatura dos convenios entre a Universidade de Vigo e Instituto Universitario Gaston Dachary (Argentina), Universidad Católica de Santa Fe (Argentina), Fachhochschule Bochum (Alemania), Centro Galego de Arte Contemporánea e Editorial Aranzadi.

Punto 8. *Eleccións a Comisións.*

No sector PDI foron presentadas as seguintes candidaturas

- Comisión de Asuntos Económicos: D. José Luis Legido Soto
D. Alberto Pena Rodríguez
- Comisión de Estudiantes: - D^a. M^a. Luisa Alonso Escontrela
- D. Patricio Sánchez Bello
- Comisión de Extensión Universitaria: -D. José Luis Legido Soto
- D. Patricio Sánchez Bello
- Comisión de Investigación: - D. Luis Ortíz Torres

- D^a.María José Roca Fernández
- D.Manuel Varela Lafuente
- Comisión de Ordenación Académica e Validacións: D. Antonio Pena Giménez
D. Alberto Pena Rodríguez
D. José Tojo Suárez
- Comisión de Planificación: - D^a. M^a del Carmen Cabeza Pereiro
- D. José Durany Castrillo
- D. Francisco Javier Rodríguez Berrocal

Habendo consenso, quedan cubertos como segue os seguintes postos en Comisións Delegadas de Xunta de Goberno:

- Comisión de Asuntos Económicos :D. Alberto Pena Rodríguez
- Comisión de Estudiantes : D.Patricio Sánchez Bello
- Comisión de Extensión Universitaria :D. José Luis Legido Soto
- Comisión de Investigación : D.Manuel Varela Lafuente, D^a. M^a José Roca Fernández
- Comisión de Ordenación Académica e Validacións :D. Antonio Pena Giménez, D^e Tojo Suárez.

Acórdase deixar para a seguinte Xunta de Goberno a elección para cubrir as vacantes na Comisión de Planificación, entendéndose xa como presentadas as candidaturas antes mencionadas.

Non se presentaron candidaturas no sector PAS.

Punto 9. Elección para cubrir 2 vacantes no sector PDI na Comisión de Reclamacións

A única candidatura que reúne as quince sinaturas que establece o artigo 29 do regulamento de réxime interno da Xunta de Goberno é a do profesor Anxo Lorenzo (Facultade de Filoloxía e Traducción-Vigo).

Dase por presentada esta candidatura ata a seguinte Xunta de Goberno na que se procederá a cubrir as vacantes existentes.

Punto 10. Rogos e preguntas.

A profesora Roca roga que se faga o posible para que se implante o antes posible o cuarto ciclo (o Vicerrector de Organización Académica, Don Antón Fernández Álvarez, responde que se vai introducir este tema na programación plurianual que se está a elaborar).

A profesora Alonso Escontrela pregunta cando se van a propor solucións para o edificio da Facultade de Ciencias da Educación do Campus de Pontevedra. Entrega un escrito que se engade á acta como anexo VI (O Rector di que o tema será tratado no Consello de Campus e haberá unha solución no marco da programación plurianual).

O profesor M. Peñalver pregunta pola situación contractual dun profesor do seu

Departamento.

O profesor Santamaría formula varios rogos que se recollen no anexo II (páx. 5 e 6).

O profesor Corbacho roga que se actualice pronto a relación de claustrais. Ademais, pide que conste en acta o escrito que figura como anexo IV.

A Sra. Corbacho pregunta polo edificio de Dereito Económico no Campus de Lagoas-Marcosende.

O Sr. González Fontenla pregunta pola veracidade das noticias de prensa sobre os desperfectos nas madeiras de teca na rúa Montero Ríos. O Vicerrector de Planificación, Xosé M. Rocha, responde que a Universidade xa tomou as medidas para facer as reparacións oportunas e deixar en perfecto estado a madeira.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 15:15 horas, da que eu como Secretaria Xeral dou fe, co Vº e pr.do Rector.

O Rector

A Secretaria Xeral

Domingo Docampo Amoedo

Margarita Estévez Toranzo